

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

4441 *Real decreto lei 12/2012, do 30 de marzo, polo que se introducen diversas medidas tributarias e administrativas dirixidas á redución do déficit público.*

I

Desde hai uns meses, como consecuencia da situación pola que atravesamos a economía española, véñense adoptando diversas medidas co fin de corrixir o antes posible os principais desequilibrios que se manifestan naquela.

Entre eles reviste singular importancia a redución do déficit público, para cuxo fin se dirixiron varias das medidas incorporadas no Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

Transcorrido un trimestre desde entón, o obxectivo de redución do déficit público que finalmente se estableceu para 2012 fai preciso complementar as medidas recollidas no citado real decreto lei con outras adicionais, para cuxo fin mediante esta norma se adoptan medidas no ámbito do imposto sobre sociedades e do imposto sobre os elaborados do tabaco, así como para dotar de maior autonomía financeira os concellos, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Tamén, co fin de reducir o déficit público, se establece unha declaración tributaria especial para determinadas rendas e se adoptan medidas de carácter administrativo que contribúan a xerar aforros na xestión do patrimonio inmobiliario do sector público.

A consecución destes obxectivos, certamente exixentes, fai imprescindible a incorporación destas medidas ao ordenamento sen máis dilación, razón pola cal concorren os requisitos de extraordinaria e urxente necesidade que o artigo 86 da Constitución española exige para o emprego da figura normativa do real decreto lei.

II

No contexto sinalado, constitúe unha prioridade conseguir un incremento dos ingresos fiscais procedentes do imposto sobre sociedades, esforzo recadatorio que se solicita, fundamentalmente, das grandes empresas, posuidoras da capacidade contributiva necesaria para coadxuvar ao sostemento das finanzas públicas, a través da figura do mencionado tributo.

Introdúcense, en primeiro lugar, diversas medidas de carácter temporal, aplicables exclusivamente nos anos 2012 e 2013, que, en consonancia coas establecidas no Real decreto lei 9/2011, do 19 de agosto, de medidas para a mellora da calidade e cohesión do Sistema Nacional de Saúde, de contribución á consolidación fiscal e de elevación do importe máximo dos avais do Estado para 2011, permiten a anticipación dos ingresos tributarios, sen que en ningún caso supoñan un incremento da carga impositiva.

En concreto, límitase a dedución do fondo de comercio, tanto xerado en adquisicións de negocios como en operacións de reestruturación empresarial, e esténdese implicitamente o prazo para a aplicación da dita dedución. Así mesmo, redúcese o límite de deducións aplicadas nos períodos impositivos iniciados dentro dos citados anos, aínda que se contrarresta o efecto negativo desta limitación coa ampliación dos prazos para a aplicación en períodos impositivos futuros das deducións pendentes. Neste límite, excepcionalmente para os anos 2012 e 2013, inclúese a dedución por reinvestimento de beneficios extraordinarios. Por último, en relación coas grandes empresas, establécese adicionalmente un importe mínimo do pagamento fraccionado, con base no resultado do exercicio, minorado nas bases impositivas negativas cuxa compensación resulte posible nel.

En segundo lugar, introdúcense medidas con carácter indefinido na Lei do imposto sobre sociedades. Destaca por importancia, entre elas, a limitación que se introduce en relación coa dedución de gastos financeiros, tendo en conta que a reforma aquí recollida se semella á tendencia lexislativa en Estados do noso ámbito económico.

En concreto, establécese o carácter non deducible para aqueles gastos financeiros xerados no seo dun grupo mercantil e destinados á realización de determinadas operacións entre entidades que pertencen ao mesmo grupo, respecto dos cales a Administración tributaria viña reaccionando cando non se apreciaba a concorrencia de motivos económicos válidos. En consonancia co anterior, este precepto permite a súa inaplicabilidade, na medida en que as operacións sexan razoables desde a perspectiva económica, como poden ser supostos de reestruturación dentro do grupo, consecuencia directa dunha adquisición a terceiros, ou ben aqueles supostos en que se produce unha auténtica xestión das entidades participadas adquiridas desde o territorio español.

Adicionalmente, introdúcese unha limitación xeral na dedución de gastos financeiros, que se converte na práctica nunha regra de imputación temporal específica, permitindo a dedución en exercicios futuros de maneira similar á compensación de bases impositivas negativas. Esta medida favorece de maneira indirecta a capitalización empresarial e responde, con figuras análogas ao noso dereito comparado, ao tratamento fiscal actual dos gastos financeiros no ámbito internacional.

Co obxecto de apoiar a internacionalización da empresa española, modifícase o réxime de exención na transmisión de participacións en entidades non residentes en territorio español, coa finalidade de o flexibilizar, ante a extraordinaria rixidez que impedía ata agora a aplicación da exención cando se incumpría algún dos requisitos exixidos, aínda cando o dito incumprimento se producise nun único período impositivo. Neste sentido, introdúcese a aplicación dunha regra de proporcionalidade da exención en función do período de tempo en que se cumpren os requisitos para a súa aplicación, respecto do período de tenza total das participacións.

Por último, elimínase a liberdade de amortización regulada na disposición adicional décimo primeira da Lei do imposto sobre sociedades, cuxo mantemento, en ausencia total de requisitos vinculados ao emprego, resulta claramente inviable, dadas as actuais circunstancias económicas. Esta derogación acompáñase dunha limitación temporal na base impositiva respecto das cantidades pendentes de aplicar procedentes de períodos impositivos en que se xerou o dereito á aplicación da liberdade de amortización.

Pola súa vez, modifícase o imposto sobre a renda das persoas físicas para aplicar as modificacións efectuadas no imposto sobre sociedades en relación coa liberdade de amortización, ao tempo que se determina a tributación da renda obtida na posterior transmisión do ben que fose obxecto da dita amortización acelerada.

Finalmente, con carácter exclusivo para o ano 2012, establécese un gravame especial sobre as rendas de fonte estranxeira que permite a repatriación de dividendos ou a transmisión de participacións, correspondentes a entidades que, malia realizaren actividades empresariais no estranxeiro, se localizan en territorios de nula tributación ou en paraísos fiscais, de maneira que esta circunstancia impide a aplicación do réxime de exención.

III

Tamén se introducen modificacións neste real decreto lei na imposición sobre os elaborados do tabaco, xa que esta representa unha fonte de ingresos tributarios que a fai merecedora dunha especial atención nun contexto como o actual, en que resulta prioritaria a redución do déficit público.

Así, en primeiro termo efectúase unha serie de axustes técnicos na norma, non só polo que se refire á modificación da redacción das diferentes epígrafes da tarifa do imposto sobre os elaborados do tabaco, senón tamén pola modificación da definición de tabaco para fumar, no sentido de asimilalo á picadura para lear cando fose vendido ou destinado á venda para lear cigarros, xa que debe recibir o mesmo trato este tabaco para

fumar que a picadura fina para lear, para unha imposición xusta e uniforme, todo isto en sintonía co ordenamento comunitario.

Por outra parte e para o caso dos cigarros, a análise das recentes dinámicas de mercado no contexto económico actual aconsella unha revisión do elemento porcentual do imposto vinculado ao prezo en relación co elemento específico determinado por unidade de produto; por este motivo procedeuse a revisar a estrutura do imposto incrementando o peso do compoñente específico fronte ao compoñente «ad valorem», que ao mesmo tempo se reduciu en dous puntos, e isto co obxecto de alcanzar unha combinación máis equilibrada de elementos, na estrutura mixta do imposto especial sobre estes elaborados do tabaco.

IV

No imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, convértese en potestativa para os concellos a aplicación da redución da base imponible cando se modifican os valores catastrais como consecuencia dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral. Esta medida posibilita que os concellos poidan incrementar a súa autonomía financeira xa que lles permitirá obter maiores recursos e, por conseguinte, fará posible reducir o déficit das corporacións municipais.

V

Ante a necesidade de continuar de maneira urxente coas medidas de aforro e austeridade que permitan lograr o obxectivo de consolidación fiscal, modifícase a Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas. Esta modificación vai dirixida a unha mellor utilización das capacidades públicas de xestión do patrimonio inmobiliario, simplificando estruturas e mellorando a coordinación. Todo isto permitirá unha xestión máis racional dos edificios administrativos reducindo gastos e xerando ganancias de eficiencia.

VI

Dadas as peculiaridades da actividade do Instituto de Crédito Oficial (ICO) a causa do peso específico que na dita actividade ten o financiamento a pemes e autónomos, mediante a utilización das liñas de mediación coas entidades financeiras, faise necesario incluír unha norma que adecue a esta realidade a porcentaxe de ponderación aplicable ao consumo de recursos propios do ICO por risco de crédito para estas exposicións.

VII

Por último, considérase importante favorecer que os obrigados tributarios se poidan pór voluntariamente ao día das súas obrigacións tributarias regularizando tamén situacións pasadas, seguindo nesta liña a norma penal que admite a exoneración de responsabilidade penal por estas regularizacións voluntarias efectuadas antes do inicio de actuacións de comprobación ou, se é o caso, antes da interposición de denuncia ou querela. Para tal efecto, introdúcese a correspondente modificación na Lei xeral tributaria.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de marzo de 2012,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Modificacións relativas ao imposto sobre sociedades.*

Primeiro.—Con efectos para os períodos impositivos que se inicien dentro dos anos 2012 e 2013, introdúcese as seguintes modificacións no réxime legal do imposto sobre sociedades:

Un. A dedución correspondente ao fondo de comercio a que se refire o número 6 do artigo 12 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, que se deduza da base imponible nos períodos impositivos iniciados dentro do ano 2012 ou 2013, está suxeita ao límite anual máximo da centésima parte do seu importe.

Dous. A dedución da diferenza entre o prezo de adquisición da participación por parte da entidade adquirente e os fondos propios da entidade transmitente, que non fose imputada a bens e dereitos adquiridos, a que se refire o número 3 do artigo 89 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, que se deduza da base imponible nos períodos impositivos iniciados dentro do ano 2012 ou 2013, está suxeita ao límite anual máximo da centésima parte do seu importe.

Tres. O límite establecido no último parágrafo do número 1 do artigo 44 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades será do 25 por cento da cota íntegra minorada nas deducións para evitar a dobre imposición interna e internacional e as bonificacións, en relación coas deducións aplicadas nos períodos impositivos iniciados dentro do ano 2012 ou 2013. Non obstante, o dito límite será do 50 por cento cando o importe da dedución prevista no artigo 35, que corresponda a gastos e investimentos efectuados no propio período impositivo, exceda o 10 por cento da cota íntegra, minorada nas deducións para evitar a dobre imposición interna e internacional e as bonificacións.

Así mesmo, nos períodos impositivos iniciados dentro do ano 2012 ou 2013, o límite previsto no último parágrafo do número 1 do artigo 44 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades aplicarase igualmente á dedución por reinvestimento de beneficios extraordinarios regulada no artigo 42 da mesma lei, computándose a dita dedución para efectos do cálculo do citado límite.

Catro. O importe dos pagamentos fraccionados establecidos no número 3 do artigo 45 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, para os suxeitos pasivos cuxo importe neto da cifra de negocios nos doce meses anteriores á data en que se inicien os períodos impositivos dentro do ano 2012 ou 2013 sexa polo menos vinte millóns de euros, non poderá ser inferior, en ningún caso, ao 8 por cento do resultado positivo da conta de perdas e ganancias do exercicio dos tres, nove ou once primeiros meses de cada ano natural, determinado de acordo co Código de comercio e demais normativa contable de desenvolvemento, minorado nas bases impositivas negativas pendentes de compensar polos suxeitos pasivos, tendo en conta os límites que correspondan de acordo co establecido no artigo 9.primeiro.dous do Real decreto lei 9/2011, do 19 de agosto, de medidas para a mellora da calidade e cohesión do Sistema Nacional de Saúde, de contribución á consolidación fiscal e de elevación do importe máximo dos avais do Estado para 2011.

Non obstante, a porcentaxe establecida no parágrafo anterior será do 4 por cento para aquelas entidades alí referidas, en que polo menos o 85 por cento dos ingresos dos tres, nove ou once primeiros meses de cada ano natural correspondan a rendas ás cales resulten de aplicación as exencións previstas nos artigos 21 e 22 ou a dedución prevista no artigo 30.2 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

En calquera caso, a porcentaxe establecida no primeiro parágrafo deste punto será do 4 por cento, e o establecido no segundo parágrafo deste punto será do 2 por cento para o pagamento fraccionado cuxo prazo de declaración vence o 20 de abril de 2012. Adicionalmente, non resultará de aplicación ao dito pagamento fraccionado o establecido no artigo 20 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, segundo redacción dada a este polo Real decreto lei 12/2012, do 30 de marzo.

Segundo.–Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2012, introdúcese as seguintes modificacións no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo:

Un. Engádesse unha nova letra h) ao número 1 do artigo 14, que queda redactada da seguinte forma:

«h) Os gastos financeiros devengados no período impositivo, derivados de débedas con entidades do grupo segundo os criterios establecidos no artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia e da obrigaón de formular contas anuais consolidadas, destinadas á adquisición, a outras entidades do grupo, de participacións no capital ou fondos propios de calquera tipo de entidades, ou á realización de achegas no capital ou fondos propios doutras entidades do grupo, salvo que o suxeito pasivo acredite que existen motivos económicos válidos para a realización das ditas operacións.»

Dous. Modifícase o artigo 20, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 20. *Limitación na deducibilidade de gastos financeiros.*

1. Os gastos financeiros netos serán deducibles co límite do 30 por cento do beneficio operativo do exercicio.

Para estes efectos, entenderase por gastos financeiros netos o exceso de gastos financeiros respecto dos ingresos derivados da cesión a terceiros de capitais propios devengados no período impositivo, excluídos aqueles gastos a que se refire a letra h) do número 1 do artigo 14 desta lei.

O beneficio operativo determinarase a partir do resultado de explotación da conta de perdas e ganancias do exercicio determinado de acordo co Código de comercio e demais normativa contable de desenvolvemento, eliminando a amortización do inmovilizado, a imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras a deterioración e resultado por alleamentos de inmovilizado, e engadindo os ingresos financeiros de participacións en instrumentos de patrimonio, sempre que se correspondan con dividendos ou participacións en beneficios de entidades nas cales, ou ben a porcentaxe de participación, directa ou indirecta, sexa polo menos o 5 por cento, ou ben o valor de adquisición da participación sexa superior a 6 millóns de euros, excepto que as ditas participacións fosen adquiridas con débedas cuxos gastos financeiros non resulten deducibles por aplicación da letra h) do número 1 do artigo 14 desta lei.

En todo caso, serán deducibles gastos financeiros netos do período impositivo por importe de 1 millón de euros.

Os gastos financeiros netos que non fosen obxecto de dedución poderanse deducir nos períodos impositivos que conclúan nos 18 anos inmediatos e sucesivos, conxuntamente cos do período impositivo correspondente, e co límite previsto neste punto.

2. No caso de que os gastos financeiros netos do período impositivo non alcancen o límite establecido no número 1 deste artigo, a diferenza entre o citado límite e os gastos financeiros netos do período impositivo engadirase ao límite previsto no número 1 deste artigo, respecto da dedución de gastos financeiros netos nos períodos impositivos que conclúan nos 5 anos inmediatos e sucesivos, ata que se deduza a dita diferenza.

3. Os gastos financeiros netos imputados aos socios das entidades que tributen conforme o establecido no artigo 48 desta lei serán tidos en conta por aqueles para os efectos da aplicación do límite previsto neste artigo.

4. Tratándose de entidades que tributen no réxime de consolidación fiscal, o límite previsto neste artigo referirase ao grupo fiscal.

Non obstante, os gastos financeiros netos dunha entidade pendentes de deducir no momento da súa integración no grupo fiscal deduciranse co límite do 30 por cento do beneficio operativo da propia entidade.

No suposto de que algunha ou algunhas das entidades que integran o grupo fiscal deixase de pertencer a este ou se producise a súa extinción, e existisen gastos financeiros netos pendentes de deducir do grupo fiscal, estes terán o mesmo tratamento fiscal que corresponde ás bases impositivas negativas do grupo fiscal pendentes de compensar, nos termos establecidos no artigo 81 desta lei.

5. O previsto neste artigo non resultará de aplicación:

a) Ás entidades que non formen parte dun grupo segundo os criterios establecidos no artigo 42 do Código de comercio, salvo que os gastos financeiros derivados de débedas con persoas ou entidades que teñan unha participación, directa ou indirecta, na entidade de polo menos o 20 por cento, ou ben os gastos financeiros derivados de débedas con entidades nas cales se participe, directa ou indirectamente, en polo menos o 20 por cento, excedan o 10 por cento dos gastos financeiros netos.

b) Ás entidades de crédito. Non obstante, no caso de entidades de crédito que tributen no réxime de consolidación fiscal conxuntamente con outras entidades que non teñan esta consideración, o límite establecido neste artigo calcularase tendo en conta o beneficio operativo e os gastos financeiros netos destas últimas entidades.»

Tres. Modifícase o número 2 do artigo 21, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Estará exenta a renda obtida na transmisión da participación nunha entidade non residente en territorio español, cando se cumpran os requisitos establecidos no punto anterior. Aplicarase o mesmo réxime á renda obtida nos supostos de separación do socio ou disolución da entidade.

O requisito previsto na letra a) do punto anterior deberase cumprir o día en que se produza a transmisión. Os requisitos previstos nas letras b) e c) deberán ser cumpridos en todos e cada un dos exercicios de tenza da participación.

Non obstante, no caso de que os requisitos previstos nas letras b) ou c) non se cumprisen nalgún ou nalgúns dos exercicios de tenza da participación, a exención prevista neste punto aplicarase de acordo coas seguintes regras:

- Respecto daquela parte da renda que se corresponda cun incremento neto de beneficios non distribuídos xerados pola entidade participada durante o tempo de tenza da participación, considerarase exenta aquela parte que se corresponda cos beneficios xerados naqueles exercicios en que se cumpran conxuntamente os requisitos establecidos nas letras b) e c) do punto anterior.

- Respecto daquela parte da renda que non se corresponda cun incremento neto de beneficios non distribuídos xerados pola entidade participada durante o tempo de tenza da participación, esta entenderase xerada de forma lineal, salvo proba en contrario, durante o tempo de tenza da participación, e considerarase exenta aquela parte que proporcionalmente se corresponda coa tenza nos exercicios en que se cumprisen conxuntamente os requisitos establecidos nas letras b) e c) do punto anterior.

A parte da renda que non teña dereito á exención prevista no parágrafo anterior integrarase na base impositiva, tendo dereito á dedución establecida no artigo 31 desta lei. Non obstante, para os efectos do establecido na letra a) do número 1 do citado artigo, tomarase exclusivamente o importe efectivo do satisfeito no estranxeiro por razón de gravame de natureza idéntica ou análoga a este imposto, pola parte que proporcionalmente se corresponda coa renda que non teña dereito á exención correspondente a aqueles exercicios en que non se cumprisen os requisitos establecidos nas letras b) ou c) do punto anterior, en relación coa renda total obtida na transmisión da participación.

Cando a participación na entidade non residente fose valorada conforme as regras do réxime especial do capítulo VIII do título VII desta lei, aplicarase a exención nas condicións establecidas na letra d) deste punto.

Non se aplicará a exención cando o adquirente resida nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

Nos seguintes supostos, a aplicación da exención terá as especialidades que se indican a continuación:

a) Cando a entidade non residente posúa, directa ou indirectamente, participacións en entidades residentes en territorio español ou activos situados no dito territorio e a suma do valor de mercado dunhas e outros supere o 15 por cento do valor de mercado dos seus activos totais.

Neste suposto, a exención limitarase a aquela parte da renda obtida que se corresponda co incremento neto dos beneficios non distribuídos xerados pola entidade participada durante o tempo de tenza da participación, respecto da tenza en exercicios en que se cumpran conxuntamente os requisitos establecidos nas letras b) e c) do punto anterior. Así mesmo, pola parte da renda que se corresponda, se é o caso, con exercicios en que non se cumpriron os requisitos establecidos nas letras b) ou c) do punto anterior, para os efectos do establecido na letra b) do número 1 do artigo 31 desta lei, terase en conta exclusivamente o importe da cota íntegra que en España correspondería pagar pola parte da renda que se corresponda coa tenza naqueles exercicios.

b) Cando o suxeito pasivo efectuase algunha corrección de valor sobre a participación transmitida que resultase fiscalmente deducible.

Neste suposto, a corrección de valor integrarase, en todo caso, na base impositiva do suxeito pasivo.

c) Cando a participación na entidade non residente fose previamente transmitida por outra entidade que reúna as circunstancias a que se refire o artigo 42 do Código de comercio para formar parte dun mesmo grupo de sociedades co suxeito pasivo, tendo obtido unha renda negativa que se integrase na base impositiva deste imposto.

Neste suposto, a renda positiva obtida na transmisión da participación integrarase na base impositiva ata o importe da renda negativa obtida pola outra entidade do grupo.

Así mesmo, no caso de que, nalgún ou nalgúns dos exercicios de tenza da participación, non se cumpran os requisitos establecidos nas letras b) ou c) do punto anterior, aplicarase o disposto nos parágrafos terceiro e cuarto deste punto, tendo en conta todos os exercicios de tenza da participación dentro do grupo, respecto da renda positiva minorada no importe da renda negativa obtida pola outra entidade do grupo.

d) Cando a participación na entidade non residente fose valorada conforme as regras do réxime especial do capítulo VIII do título VII desta lei e a aplicación das ditas regras, mesmo nunha transmisión anterior, determinase a non integración de rendas na base impositiva deste imposto, do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto sobre a renda de non residentes, derivadas:

1.º Da transmisión da participación nunha entidade residente en territorio español.

2.º Da transmisión da participación nunha entidade non residente que non cumpra, polo menos nalgún exercicio, os requisitos a que se refiren as letras b) ou c) do número 1 anterior.

3.º Da achega non pecuniaria doutros elementos patrimoniais.

Neste suposto, a exención só se aplicará sobre a renda que corresponda á diferenza positiva entre o valor de transmisión da participación na entidade non residente e o valor normal de mercado daquela no momento da súa adquisición pola

entidade transmitente, nos termos establecidos neste punto. Nos mesmos termos se integrará na base imponible do período o resto da renda obtida na transmisión.»

Catro. Modifícase o segundo parágrafo do número 1 do artigo 44, que queda redactado da seguinte forma:

«As cantidades correspondentes ao período impositivo non deducidas poderanse aplicar nas liquidacións dos períodos impositivos que conclúan nos 15 anos inmediatos e sucesivos. Non obstante, as cantidades correspondentes ás deducións previstas nos artigos 35 e 36 desta lei poderanse aplicar nas liquidacións dos períodos impositivos que conclúan nos 18 anos inmediatos e sucesivos.»

Cinco. Modifícase a letra b) do número 1 do artigo 48, que queda redactada da seguinte forma:

«b) Imputaranse aos seus socios residentes en territorio español:

1.º Os gastos financeiros netos que, de acordo co artigo 20 desta lei, non fosen obxecto de dedución nestas entidades no período impositivo. Os gastos financeiros netos que se imputen aos seus socios non serán deducibles pola entidade.

2.º As bases impositivas, positivas ou negativas, obtidas por estas entidades. As bases impositivas negativas que imputen aos seus socios non serán compensables pola entidade que as obtivo.

3.º As deducións e bonificacións na cota a que teña dereito a entidade. As bases das deducións e bonificacións integraranse na liquidación dos socios, minorando a cota segundo as normas deste imposto ou do imposto sobre a renda das persoas físicas.

4.º As retencións e ingresos á conta correspondentes á entidade.»

Seis. Engádesse a disposición transitoria trixésimo sexta, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria trixésimo sexta. *Deducións pendentes de aplicar.*

O prazo de 15 ou 18 anos, segundo corresponda, para a aplicación das deducións, establecido no artigo 44 desta lei, será tamén de aplicación ás deducións que estivesen pendentes de aplicar ao inicio do primeiro período impositivo que comezase a partir do 1 de xaneiro de 2012.»

Terceiro.—Con efectos a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.

Un. Engádesse a disposición adicional décimo quinta, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional décimo quinta. *Gravame especial sobre dividendos e rendas de fonte estranxeira derivadas da transmisión de valores representativos dos fondos propios de entidades non residentes en territorio español.*

1. Os dividendos ou participacións en beneficios de entidades non residentes en territorio español que cumpran os requisitos establecidos nas letras a) e c) do número 1 do artigo 21 desta lei, que se devenguen no ano 2012, poderán non integrarse na base imponible deste imposto, mediante a opción do suxeito pasivo pola suxeición a el a través dun gravame especial. O requisito establecido na letra c) poderase determinar para cada entidade, directa ou indirectamente participada, polo conxunto de todos os ingresos obtidos durante o período de tenza da participación.

A base imponible do gravame especial estará constituída polo importe íntegro dos dividendos ou participacións en beneficios devengados, sen que resulte fiscalmente deducible a perda por deterioración do valor da participación que poida derivar da distribución dos beneficios que sexan obxecto deste gravame especial.

2. As rendas derivadas da transmisión de valores representativos dos fondos propios de entidades non residentes en territorio español que cumpran o requisito establecido na letra a) do número 1 do artigo 21 desta lei o día en que se produza a transmisión, e o requisito establecido na letra c) do mesmo punto do citado artigo durante todos e cada un dos exercicios de tenza da participación, cuxa transmisión se realice no ano 2012, poderán non integrarse na base imponible deste imposto, mediante a opción do suxeito pasivo pola suxeición a el a través do gravame especial previsto no punto anterior.

Neste caso, a base imponible estará constituída pola renda obtida na transmisión, así como pola reversión de calquera corrección de valor sobre a participación transmitida, que tivese a consideración de fiscalmente deducible durante o tempo de tenza da participación.

3. O tipo do gravame especial será do 8 por cento.

Non obstante, no caso de transmisión de valores representativos dos fondos propios de entidades non residentes en territorio español, a parte de base imponible que se corresponda con calquera corrección de valor que tivese a consideración de fiscalmente deducible durante o tempo de tenza da participación, tributará ao tipo de gravame que corresponda ao suxeito pasivo.

Os dividendos ou participacións en beneficios, así como as rendas derivadas da transmisión de valores representativos dos fondos propios de entidades non residentes en territorio español, suxeitos a este gravame especial, non xerarán dereito á aplicación da dedución por dobre imposición internacional prevista nos artigos 31 e 32 desta lei.

4. O gasto contable correspondente a este gravame especial non será fiscalmente deducible da base imponible do imposto sobre sociedades.

5. No suposto de dividendos ou participacións en beneficios de entidades non residentes en territorio español, o gravame especial devengarase o día do acordo de distribución de beneficios pola xunta xeral de accionistas, ou órgano equivalente.

No caso da transmisión de valores representativos dos fondos propios de entidades non residentes en territorio español, o gravame especial devengarase o día en que se produza.

O gravame especial deberase autoliquidar e ingresar no prazo dos 25 días naturais seguintes á data de devengo. Non obstante, se ao inicio do indicado prazo non se aprobase a orde ministerial que estableza o modelo de declaración a que se refire o punto seguinte, a declaración presentárase no prazo dos 25 días naturais seguintes á data de entrada en vigor da citada orde.

6. O modelo de declaración deste gravame especial aprobarase mediante orde ministerial do ministro de Facenda e Administracións Públicas, que establecerá a forma e lugar para a súa presentación.»

Dous. Engádesse a disposición transitoria trixésimo sétima, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria trixésimo sétima. *Liberdade de amortización pendente de aplicar.*

1. Os suxeitos pasivos que realizaron investimentos ata a entrada en vigor do Real decreto lei 12/2012, do 30 de marzo, aos cales resulte de aplicación a disposición adicional décimo primeira desta lei, segundo redacción dada polo Real decreto lei 6/2010, do 9 de abril, e polo Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, e teñan cantidades pendentes de aplicar, correspondentes á liberdade de amortización, poderán aplicar esas cantidades nas condicións alí establecidas.

2. Non obstante, nos períodos impositivos que se inicien dentro do ano 2012 ou 2013, os suxeitos pasivos que realizaron investimentos ata a entrada en vigor do Real decreto lei 12/2012, do 30 de marzo, aos cales resulte de aplicación a disposición adicional décimo primeira desta lei, segundo redacción dada polo Real decreto lei 6/2010, do 9 de abril, en períodos impositivos en que non cumprisen os requisitos establecidos no número 1 do artigo 108 desta lei, e teñan cantidades pendentes de aplicar, poderanas aplicar co límite do 40 por cento da base imponible previa á súa aplicación e á compensación de bases impositivas negativas a que se refire o artigo 25 desta lei.

Nos períodos impositivos que se inicien dentro do ano 2012 ou 2013, os suxeitos pasivos que realizaron investimentos ata a entrada en vigor do Real decreto lei 12/2012, do 30 de marzo, aos cales resulte de aplicación a disposición adicional décimo primeira desta lei, segundo redacción dada polo Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, en períodos impositivos en que non cumprisen os requisitos establecidos no número 1 do artigo 108 desta lei, e teñan cantidades pendentes de aplicar, poderanas aplicar co límite do 20 por cento da base imponible previa á súa aplicación e á compensación de bases impositivas negativas a que se refire o artigo 25 desta lei.

No caso de que os suxeitos pasivos teñan cantidades pendentes de aplicar nos termos sinalados nos dous parágrafos anteriores, aplicarán o límite do 40 por cento ata que esgoten as cantidades pendentes xeradas conforme o disposto no Real decreto lei 6/2010, do 9 de abril, entendéndose aplicadas estas en primeiro lugar. Poderanse aplicar no mesmo período impositivo as cantidades pendentes segundo o disposto no parágrafo anterior, ata o importe da diferenza entre o límite previsto no dito parágrafo e as cantidades xa aplicadas no mesmo período impositivo.

Os límites previstos neste punto aplicaranse, igualmente, respecto dos suxeitos pasivos referidos neste punto e os investimentos en curso realizados ata a entrada en vigor do Real decreto lei 12/2012, do 30 de marzo, que correspondan a elementos novos encargados en virtude de contratos de execución de obras ou proxectos de investimento cuxo período de execución, en ambos os casos, requira un prazo superior a dous anos entre a data de encarga ou inicio do investimento e a data da súa posta á disposición ou en funcionamento, aos cales resulte de aplicación a disposición adicional décimo primeira desta lei, segundo redacción dada polo Real decreto lei 6/2010, do 9 de abril, e polo Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro.»

Artigo 2. *Modificacións no imposto sobre a renda das persoas físicas.*

Con efectos a partir da entrada en vigor deste real decreto lei modifícase a disposición adicional trixésima da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional trixésima. *Liberdade de amortización en elementos novos do activo material fixo.*

1. De acordo co disposto no artigo 30.2 da Lei do imposto, os contribuíntes deste imposto poderán aplicar para os investimentos realizados ata a entrada en vigor do Real decreto lei 12/2012, do 30 de marzo, a liberdade de amortización prevista na disposición transitoria trixésimo sétima do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, co límite do rendemento neto positivo da actividade económica a que se afectasen os elementos patrimoniais previo á dedución por este concepto e, se é o caso, á minoración que deriva do sinalado no artigo 30.2.4.^a desta lei.

Cando resulte de aplicación o disposto no número 2 da citada disposición transitoria, os límites contidos nel aplicaranse sobre o rendemento neto positivo citado no parágrafo anterior.

2. Cando a partir da entrada en vigor do Real decreto lei 12/2012, do 30 de marzo, se transmitan elementos patrimoniais que gozasen da liberdade de amortización prevista na disposición adicional décimo primeira ou na disposición transitoria trixésimo sétima, ambas do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, para o cálculo da ganancia ou perda patrimonial non se minorará o valor de adquisición no importe das amortizacións fiscalmente deducidas que excedan as que fosen fiscalmente deducibles de non se ter aplicado aquela. O citado exceso terá, para o transmitente, a consideración de rendemento íntegro da actividade económica no período impositivo en que se efectúe a transmisión.»

Artigo 3. *Modificacións relativas ao imposto sobre os elaborados do tabaco.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais:

Un. Modifícase o número 5 do artigo 59, que queda redactado da seguinte forma:

«5. Para os efectos deste imposto terá a consideración de picadura para lear o tabaco para fumar tal como se define no punto anterior, sempre que máis do 25 por cento en peso das partículas de tabaco presenten un largo de corte inferior a 1,5 milímetros.

Terá igualmente a consideración de picadura para lear o tabaco para fumar no que máis do 25 por cento en peso das partículas de tabaco presenten un largo de corte igual ou superior a 1,5 milímetros, vendido ou destinado á venda para lear cigarros.»

Dous. Modifícase o artigo 60, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 60. *Tipos impositivos.*

O imposto exixirase conforme a seguinte tarifa:

Epígrafe 1. Xarutos e xarutiños: 15,8 por 100.

Epígrafe 2. Cigarros: excepto nos casos en que resulte aplicable o parágrafo seguinte, os cigarros estarán gravados simultaneamente aos seguintes tipos impositivos:

- a) Tipo proporcional: 55 por 100.
- b) Tipo específico: 19 euros por cada 1.000 cigarros.

Os cigarros estarán gravados ao tipo único de 116,9 euros por cada 1.000 cigarros cando a suma das cotas que resultarían da aplicación dos tipos das letras a) e b) anteriores sexa inferior á contía do tipo único.

Epígrafe 3. Picadura para lear: excepto nos casos en que resulte aplicable o parágrafo seguinte, a picadura para lear estará gravada simultaneamente aos seguintes tipos impositivos:

- a) Tipo proporcional: 41,5 por 100.
- b) Tipo específico: 8 euros por quilogramo.

A picadura para lear estará gravada ao tipo único de 75 euros por quilogramo cando a suma das cotas que resultarían da aplicación dos tipos das letras a) e b) anteriores sexa inferior á contía do tipo único.

Epígrafe 4. Os demais elaborados do tabaco: 28,4 por 100.»

Artigo 4. *Modificacións relativas ao imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.*

Introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo:

Un. Modifícase o número 3 do artigo 107, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Os concellos poderán establecer unha redución cando se modifiquen os valores catastrais como consecuencia dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral. Nese caso, tomarase como valor do terreo, ou da parte deste que corresponda segundo as regras contidas no punto anterior, o importe que resulte de aplicar aos novos valores catastrais a dita redución durante o período de tempo e porcentaxes máximas seguintes:

a) A redución, se é o caso, aplicarase, como máximo, respecto de cada un dos cinco primeiros anos de efectividade dos novos valores catastrais.

b) A redución terá como porcentaxe máxima o 60 por cento. Os concellos poderán fixar un tipo de redución distinto para cada ano de aplicación da redución.

A redución prevista neste punto non será de aplicación aos supostos en que os valores catastrais resultantes do procedemento de valoración colectiva a que aquel se refire sexan inferiores aos ata entón vixentes.

O valor catastral reducido en ningún caso poderá ser inferior ao valor catastral do terreo antes do procedemento de valoración colectiva.

A regulación dos restantes aspectos substantivos e formais da redución establecerase na ordenanza fiscal.»

Dous. Engádesse unha disposición transitoria vixésima, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria vixésima. *Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.*

Con efectos exclusivos para o ano 2012, aqueles municipios que non aprobasen a ordenanza para o establecemento da redución potestativa prevista no número 3 do artigo 107 desta lei, na súa redacción dada polo artigo 4 do Real decreto lei 12/2012, do 30 de marzo, continuarán aplicando a redución establecida no dito número 3 na súa redacción anterior ao citado real decreto lei.»

Artigo 5. *Modificación da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas:

Un. Suprímese o número 2 do artigo 10.

Dous. Modifícase o número 3 do artigo 14, que queda redactado da seguinte forma:

«Igualmente, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da Comisión de Coordinación Financeira de Actuacións Inmobiliarias e Patrimoniais ou da Dirección Xeral de Patrimonio do Estado, poderá solicitar dos departamentos ministeriais, organismos públicos dependentes da Administración xeral do Estado e entidades previstas no artigo 166.2 cantos datos considere necesarios sobre o uso e situación dos bens e dereitos que teñan afectados ou adscritos, que utilicen en arrendamento ou que sexan da súa propiedade.»

Tres. Modifícase o artigo 157, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 157. *Ministro de Facenda e Administracións Públicas.*

A coordinación da xestión dos edificios administrativos utilizados pola Administración xeral do Estado e polos seus organismos públicos corresponde ao ministro de Facenda e Administracións Públicas coa asistencia da Comisión de Coordinación Financeira de Actuacións Inmobiliarias e Patrimoniais. »

Catro. Modifícase o artigo 158, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 158. *Comisión de Coordinación Financeira de Actuacións Inmobiliarias e Patrimoniais.*

1. A Comisión de Coordinación Financeira de Actuacións Inmobiliarias e Patrimoniais é o órgano colexiado interministerial de asistencia ao ministro de Facenda e Administracións Públicas na coordinación da xestión dos edificios administrativos, a aprobación de directrices e a adopción de medidas para unha utilización máis eficiente e racional destes.

As directrices e medidas que aprobe esta comisión para racionalizar o uso ou mellorar a eficiencia da xestión do patrimonio serán tamén de aplicación ás entidades mencionadas no artigo 166.2.

A Comisión de Coordinación Financeira de Actuacións Inmobiliarias e Patrimoniais poderá actuar en pleno ou en comisión permanente.

2. O Pleno da Comisión de Coordinación Financeira de Actuacións Inmobiliarias e Patrimoniais estará formado polos seguintes membros:

- a. Presidente: ministro de Facenda e Administracións Públicas.
- b. Vicepresidente: subsecretario de Facenda e Administracións Públicas.
- c. Vogais: secretario de Estado de Orzamentos e Gastos, secretario de Estado de Defensa, secretario de Estado de Seguridade, secretario de Estado de Infraestruturas, secretario de Estado da Seguridade Social, subsecretario de Presidencia, subsecretario de Asuntos Exteriores e de Cooperación, subsecretario de Economía e Competitividade, e o presidente da Sociedade Estatal de Participacións Industriais.
- d. Secretario: director xeral do Patrimonio do Estado.

Poderán ser convocados ao Pleno aqueles altos cargos, funcionarios ou técnicos que se considere conveniente por razón dos temas que se van tratar.

3. O Pleno da Comisión de Coordinación Financeira de Actuacións Inmobiliarias e Patrimoniais reunirse polo menos unha vez cada tres meses, e exercerá as seguintes funcións:

- a. Aprobar liñas directrices, plans e medidas de desenvolvemento dos principios e criterios fixados no artigo 156.
- b. Analizar as implicacións financeiras e orzamentarias das operacións inmobiliarias e urbanísticas da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos e, se é o caso, efectuar as propostas que se consideren convenientes.
- c. Coñecer os plans e propostas de investimento e desinvestimento da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos cando, polas súas implicacións orzamentarias ou por afectaren distintos axentes, sexa conveniente establecer compensacións ou imputacións especiais de ingresos a determinados organismos e promover as medidas necesarias para a súa concreción.
- d. Coordinar a actuación dos axentes inmobiliarios vinculados á Administración xeral do Estado en operacións urbanísticas complexas.

e. Orientar as actuacións inmobiliarias públicas ao cumprimento dos obxectivos xerais doutras políticas en vigor, especialmente, as de consolidación orzamentaria, modernización administrativa e vivenda.

f. Aprobar as normas internas de funcionamento da Comisión Permanente.

4. A Comisión Permanente da Comisión de Coordinación Financeira de Actuacións Inmobiliarias e Patrimoniais terá a composición que determine o Pleno, e formarán parte dela como presidente o subsecretario de Facenda e Administracións Públicas e como vicepresidente o director xeral do Patrimonio do Estado. Na súa composición estarán adecuadamente representados os intereses dos ministerios que son maioritariamente titulares de edificios administrativos e os principais usuarios deles.

5. A Comisión Permanente, que se reunirá polo menos mensualmente, emitirá informe preceptivo en relación coas operacións de xestión e os instrumentos de programación e planificación dos edificios administrativos nos termos definidos polo Pleno da Comisión e, en todo caso, respecto dos seguintes:

a. Establecemento dos índices de ocupación e criterios básicos de utilización dos edificios administrativos do patrimonio do Estado, cuxa aprobación compete ao ministro de Facenda e Administracións Públicas.

b. Afectacións, mutacións demaniais e adscricións de edificios administrativos, cando estiveren interesados no seu uso varios departamentos ministeriais ou organismos públicos.

c. Desafectacións e desadscricións de edificios administrativos, cando o departamento ministerial ou o organismo público que os teña afectados ou adscritos se opuxese.

d. Actuacións de xestión patrimonial que, por razón das súas características especiais, sexan sometidas á súa consideración polo ministro de Facenda e Administracións Públicas ou o director xeral do Patrimonio do Estado.

A Comisión Permanente poderá, por propia iniciativa ou por solicitude do ministro de Facenda e Administracións Públicas ou da Comisión de Coordinación Financeira de Actuacións Inmobiliarias e Patrimoniais, elevar informes ou propostas relativos aos principios e criterios fixados no artigo 156.»

Cinco. Modifícase o número 4 do artigo 162, que queda redactado da seguinte forma:

«O plan de optimización será trasladado aos ministerios ou organismos afectados para que, no prazo dun mes, manifesten a súa conformidade ou formulen alegacións. Transcorrido este prazo ou efectuado o trámite, o ministro de Facenda e Administracións Públicas, logo de informe da Comisión de Coordinación Financeira de Actuacións Inmobiliarias e Patrimoniais, elevará o plan ao Consello de Ministros para a súa aprobación.»

Seis. Modifícase o artigo 164, que queda redactado da seguinte forma:

«Non se poderán concertar ou autorizar novas adquisicións, arrendamentos, afectacións ou adscricións de edificios de uso administrativo con destino aos ministerios ou organismos públicos mentres non se executen os plans de optimización que os afecten, con cumprimento da totalidade das súas previsións, salvo que concorran razóns de urxente necesidade, apreciadas pola Comisión de Coordinación Financeira de Actuacións Inmobiliarias e Patrimoniais. »

Sete. Suprímese a disposición adicional novena.

Disposición adicional primeira. *Declaración tributaria especial.*

1. Os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas, imposto sobre sociedades ou imposto sobre a renda de non residentes que sexan titulares de bens ou dereitos que non se correspondan coas rendas declaradas nos ditos impostos, poderán presentar a declaración prevista nesta disposición co obxecto de regularizar a súa situación tributaria, sempre que fosen titulares de tales bens ou dereitos con anterioridade á finalización do último período impositivo cuxo prazo de declaración finalizase antes da entrada en vigor desta disposición.

2. As persoas e entidades previstas no número 1 anterior deberán presentar unha declaración e ingresar a contía resultante de aplicar ao importe ou valor de adquisición dos bens ou dereitos a que se refire o parágrafo anterior a porcentaxe do 10 por cento.

O cumprimento do disposto no parágrafo anterior determinará a non exibilidade de sancións, xuros nin recargas.

Xunto con esta declaración deberase incorporar a información necesaria que permita identificar os citados bens e dereitos.

3. O importe declarado polo contribuínte terá a consideración de renda declarada para os efectos previstos no artigo 39 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, e no artigo 134 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.

4. Non resultará de aplicación o establecido nesta disposición en relación cos impostos e períodos impositivos respecto dos cales a declaración e ingreso se produce despois de que a Administración tributaria notificase a iniciación de procedementos de comprobación ou investigación tendentes á determinación das débedas tributarias correspondente a eles.

5. O ministro de Facenda e Administracións Públicas aprobará o modelo de declaración, o lugar de presentación e o ingreso desta, así como cantas outras medidas sexan necesarias para o cumprimento desta disposición.

O prazo para a presentación das declaracións e o seu ingreso finalizará o 30 de novembro de 2012.

Disposición adicional segunda. *Supresión da Xunta Coordinadora de Edificios Administrativos.*

Suprímese a Xunta Coordinadora de Edificios Administrativos.

Todas as referencias que na lexislación vixente se realizan ao órgano suprimido entenderanse efectuadas á Comisión Permanente da Comisión de Coordinación Financeira de Actuacións Inmobiliarias e Patrimoniais.

Disposición adicional terceira. *Ponderación de risco do ICO nas súas exposicións fronte a entidades financeiras.*

As exposicións do Instituto de Crédito Oficial fronte a entidades financeiras con sede social nos Estados membros da Unión Europea, calquera que sexa o seu vencemento orixinal ou residual, recibirán unha ponderación de risco do 20% para os efectos de determinación e control dos seus recursos propios mínimos. Esta ponderación poderá ser modificada regulamentariamente cando as circunstancias concorrentes así o requiran.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

A partir da entrada en vigor deste real decreto lei quedará derogada a disposición adicional décimo primeira do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria:

Un. Introdúcese un novo número 2 no artigo 180 e os actuais 2 e seguintes renuméranse, coa seguinte redacción:

«2. Se a Administración tributaria considerase que o obrigado tributario, antes de que se lle notificase o inicio de actuacións de comprobación ou investigación, regularizou a súa situación tributaria mediante o completo recoñecemento e pagamento da débeda tributaria, a regularización practicada exoneraría da súa responsabilidade penal, aínda que a infracción cometida no seu día puidese ser constitutiva de delito contra a Facenda pública, e a Administración poderá continuar co procedemento administrativo sen pasar o tanto de culpa á autoridade xudicial nin ao Ministerio Fiscal.

Así mesmo, os efectos da regularización prevista no parágrafo anterior resultarán aplicables cando se satisfagan débedas tributarias unha vez prescrito o dereito da Administración á súa determinación.»

Dous. Modifícase a letra c) do número 1 do artigo 221, que queda redactada da seguinte forma:

«c) Cando se ingresasen cantidades correspondentes a débedas ou sancións tributarias despois de transcorrer os prazos de prescripción. En ningún caso se devolverán as cantidades pagadas que serviron para obter a exoneración de responsabilidade nos supostos previstos no número 2 do artigo 180 desta lei.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de facenda xeral e débeda do Estado.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento.*

O Goberno poderá ditar as normas regulamentarias necesarias para o desenvolvemento do disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de marzo de 2012.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY